

CIG-SAÚDEinforma

CIG-SAÚDE manifesta que a desconvocatoria de folga de ATENCIÓN PRIMARIA non pon fin ao conflito nin á negociación.

Para a CIG-SAÚDE precisamos darlle continuidade ao traballo feito, e reforzalo tanto na mesa como no consello técnico de atención primaria, e temos que manter a presión sobre o SER para poder conseguir prazas, orzamento e estrutura de xestión ao servizo da calidade asistencial na Atención Primaria.

Queda moito traballo por diante, onde poderemos comprobar se a Consellaría de Sanidade aposta por solución aos problemas da atención primaria, negociando de boa fe, e aceptando as propostas dos grupos, e de non ser así o denunciaremos e retomaremos as medidas de presión necesarias, sen ningunha.

Na convocatoria de folga recollíanse uns puntos mínimos, consensuados por organizacións sindicais e profesionais, para obrigar á Consellaría de Sanidade a recoñecer os problemas que existen na atención primaria e pórilles solución.

Na convocatoria non había unha táboa reivindicativa común de cada un dos puntos, senón o obxectivo de cada unese foro de negociación para abordar os cinco puntos e acadar solucións.

Convocatoria de folga	Acta de acordos 8 de abril 2019
Crear unha mesa de negociación para abordar a problemática de atención primaria.	Crea un órgano colexiado. Consello técnico de atención primaria.
Aumento de persoal.	Análise e avaliación das necesidades de recursos humanos.
Rematar coa precariedade laboral.	Renegociar na mesa sectorial o nomeamento estatutario e eventual de continuidade.
Solucionar o conflito de PACs.	Compromiso das partes de acadar unha solución inminente.
Recuperación das xerencias.	Estudo e análise da nova organización da atención primaria.
Incrementar o orzamento.	Financiamento para as medidas recollidas neste acordo.

Ningún dos temas da convocatoria de folga estaban desenvolto mediante propostas unánimes das organizacións sindicais, asociación científicas e profesionais. **O único obxectivo común era abrir a negociación.**

Desde CIG-SAÚDE seguiremos a defender:

- Esixir a dotación de todas as prazas necesarias para que as/os profesionais poidan ofrecer atención primaria de calidade.
- Que a análise sobre a necesidade de RRHH se faga sobre todas as categorías da atención primaria, así como nas prazas MIR e EIR.
- Que a Atención Primaria deixe de estar subordinada ás decisións hospitalarias, con capacidade para desenvolver os seu proxectos, dotándose de capacidade resolutiva. ^{2/3}
- Que a nova organización da atención primaria conteña as direccións médica, de enfermaría e de

